


A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL (1914-1918)



**A Grande Guerra foi o nome que lhe deron os contemporâneos á I Guerra Mundial (1914-1918).
O nome reflicte a surpresa ante a magnitude do conflito.**




As causas da guerra: alianzas militares e acumulación de armamento dende finais do XX



Triple Entente



Alianza dos imperios
centrais




The Literary Digest, N. York, 1904

A descomposición do imperio otomán aumentou as tensión nos Balcáns pola confrontación de intereses entre Rusia e Austria-Hungría



Balcáns en 1908



Balcáns en 1914



Asasinato do herdeiro austriaco en Saraxevo, 1914

A mobilización foi entusiasta porque a poboación agardaba unha victoria rápida naquela guerra inevitable: “a unión sagrada”



Mobilización en Alemaña (agosto 1914)



Recrutamento en Cardiff, 1914

A resistencia internacionalista contra a mobilización para a guerra

Só uns poucos socialistas, anarquistas e pacifistas se opuxeron á guerra, sufrindo as consecuencias do fervor patriótico que embargou ás nacións ao principio da guerra.



Mitin de Jaurès (1913))



G. M. Davies, pacifista galés en prisión

- Por que estaba a favor da guerra a maioría da poboación? por que asasinaron a Jaurès?
- Clasificas as causas da I GM segundo a importancia que cres que tiveron para que se desencadenara o conflito?
- Cal sería a túa postura?
- Como se poderían ter solucionado os problemas sen chegar ás armas?


A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL: a propaganda

Os gobernos belixerantes usaron a propaganda para desprestixiar ao inimigo e mobilizar a poboación propia. Moi poucos medios se atreveron a criticar a guerra.





- Clasifica as imaxes desta diapositiva e as seguintes segundo sexan do bando aliado, dos Imperios Centrais ou Antibelicistas.
- Explica a mensaxe que pretendían transmitir á poboación

A propaganda durante a grande guerra de 1914



A propaganda durante a grande guerra de 1914



A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL : as fronte

Alemaña tomou a iniciativa atacando Francia a través de Bélxica. Pero axiña se estabilizaron as fronte nunha liña de trincheiras, onde as condicións de vida eran terribles.



- Comenta o cadro: describe o que se representa e a sensación que che produce.

- Averigua a biografía do pintor, cres que coñecía como era a 'guerra das trincheiras'?

- Se poden facer 'cadros' semellantes de tódalas guerras ou só da I GM? por que cres que se seguen facendo guerras?

Flanders; Otto Dix, 1924

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL : as fronte

A economía dos países belixerantes concentrouse na fabricación de armamento, cada vez máis complexos e mortíferos.




Fábrica de armas en Alemaña 1916




Tanque, 1918

As novas armas: a aviación



Zeppelin derrubado polos franceses




Avións alemáns



Aeroplano alemán capturado en Salónica (Grecia)


As novas armas: ametralladoras, obuses e artillería



Peza de artillería de Estados Unidos



Soldado con obús



O canón alemán Gran Bertha




Canón alemán

A tecnoloxía na guerra: submarinos, automóbiles e comunicacións por radio




**INVEST IN THE
VICTORY LIBERTY LOAN**


Cartel británico



Autobús de Londres adaptado para pombas, 1914



Barcos de guerra aliados



Radio na fronte

A guerra química: gases tóxicos e máscaras na fronte francesa



Soldados alemães em Verdún, 1916



Soldados durante o ataque com gas; Otto Dix 1924



Soldados australisnos con máscaras antigás 1917

Os capeláns auxiliando espiritualmente aos soldados nas trincheiras e antes da batalla



Messe dans une tranchée. (Envoi de S. Lécuru.)

A sanidade na frente: enfermeiras e hospitais de campanha



Soldados alemães transportando a un ferido



Hospital turco 1915



Oficial médico collocando unha vendaxe 1918



30. - La Grande Guerre 1914-15. - Prêtres Belges d'une ambulance automobile.
Visé Paris 30.

Belges Priets Ambulanciers.

E. PROT-EXPRESS
IMP. BAUDINIÈRE, NANTERRE

Soldados feridos e mutilados padeceram as secuelas dos combates



Fabricando pernas ortopédicas



Soldados com muletas na festa nacional francesa 14-7-1915



Cura de soldados alemães en Polonia



Soldados feridos nos barcos-hospital nos Dardanelos

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL : a vida nas trincheiras

Os soldados suportaban inmóviles nas trincheiras as inclemencias do tempo, en constante perigo polos bombardeos.



Trincheiras británicas nos Dardanelos 1915



Trincheiras francesas no Somme 1916



Trincheiras británicas en Bélxica 1917

A guerra nas trincheiras

Os soldados só saían das trincheiras para participar en ataques demenciais ordenados pola alto mando, sen posibilidades de éxito. As cartas á familia, censuradas, eran un dos poucos consolos.



Verdún, 1916



Despois da batalla

- ‘Traduce’ a postal imaxinando o que o soldado lle contaría a súa muller
- Por que se censuraba a correspondencia dos soldados? que cousas non querían os mandos que se souberan?



Postal dun soldado alemán a súa muller

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL : a guerra nas trincheiras

Os mandos militares, para facer cumprir as súas absurdas ordes, recorreron a unha disciplina salvaxe. Segundo avanzou a guerra, o entusiasmo dos soldados se trocou en amargura e desesperanza e os motins e os desertores foron cada vez máis frecuentes.



Fusilado acusado de espionaxe



Execución en Verdún dun soldado amotinado 1917

A morte e a destrución espalláronse nos campos de batalla



A morte e a destución imperaban nas trincheiras e nas liñas da fronte



As cidades tamén sufriron bonbardeos



Rúa belga destruída 1915



Fotografía aérea do campo de batalla de Verdún

A lembranza daquela desfeita pervive nos espazos de memoria colectiva dos estados belixerantes



Placa no castelo de Chaves (Portugal)



Homenaxe a un soldado francés caído na I GM

- Cal é a finalidade das placas e homenaxes aos caídos na Guerra? preténdese recordar o que pasou para que non se volva repetir ou fomentar o patriotismo?
- Por que cres que morreron os soldados portugueses? pola patria? pagou a pena?
- Explica a expresión 'mort au champ d'honneur'
- Cres que é un honor morrer na Guerra? por que?
- Estarías orgulloso de que teu pai, teu irmán ou calquera persoa querida tivese morto na Guerra? gustaríache que seu nome aparecera nos monumentos e lle fixeran homenaxes patrióticos? por que?
- As autoridades dos países belixerantes fixéronlle homenaxes aos mortos pero, preocupáronse polos soldados durante a guerra e despois? e polas súas familias?

O xenocidio da poboación armenia perpetrado polo exército otomano durante a grande guerra

Os armenios que vivían baixo dominio otomano foran duramente reprimidos no s. XIX. Durante a Primeira Guerra Mundial, as autoridades turcas, temerosas dunha 'quinta columna' que apoiase unha invasión rusia dende o leste, organizaron o exterminio e deportación ao deserto da poboación armenia. Foi o primeiro xenocidio do sec. XX.



Nenos armenios nun campo de refuxiados

1917: o ano decisivo para o remate da guerra

O afundimento do Lusitania polos submarinos alemáns provocou a entrada de EE UU na guerra, o que supuxo unha axuda decisiva para a vitoria aliada. Ese mesmo ano, o trunfo da revolución soviética provocou a retirada de Rusia.



O afundimento do Lusitania no NYT, 1915



Cartel de recrutamento; James Montgomery Flagg's 1917

A vida da poboación civil na retagarda viuse fondamente afectada polos bombardeos e desprazamentos provocados pola guerra



Mulleres no Norte de Francia 1914



Fuxindo da guerra, Bélxica 1914



Campo de refuxiados belgas en Holanda 1914



Refuxiados belgas en Holanda 1914


O medo aos bombardeos e o terror ante a ocupación espallouse entre a poboación civil na retagarda



Nenos e coidadoras nun refuxio de Londres

- Comenta a fotografía: por que se agochan no refuxio? onde están os pais dos nenos? por que son mulleres quen coidan deles? onde estarán os fillos e/ou pais das coidadoras?
- Imaxina o que estaría pensando, sentindo, un dos nenos e unha das mulleres


A mobilización da poboación civil para o esforzo bélico: manter a produción industrial e racionar os alimentos



Fábrica de armas británica



Cartel francés 1916



Cartel do Canadá



Recollendo metais para armas



Mulleres pintoras, Berlín 1916

A escaseza de alimentos deu paso a fame consonte se alongou a guerra



Viuva cos seus fillos pedindo na rúa de Londres



Reparto de comida en Berlín 1916

A “gripe española” espallouse en 1918 provocando máis de 20 millóns de mortos en todo o mundo



Hospital de Texas 1918



Policías de Londres con mascarillas

Moitas mulleres contaxiaronse do patriotismo e encostaron o esforzo bélico... outras manifestáronse contra a guerra



A feminista Emmeline Pankhurst facendo campaña a favor do recrutamento 1914



Voluntaria grega



Recrutas do 'Batallón da morte' ruso, 1917



Pacifistas estadounidenses


As mulleres foron vítimas da guerra: procuraron alimentos e animaron as súas familias




Mulleres francesas agardando o reparto de pan

Cartel francés

As mulleres asumiron tarefas auxiliares e na produción de alimentos, manufacturas e armas



Carteis ingleses



Chamamento ás mulleres francesas

As mulleres incorporáronse masivamente ao traballo nas fábricas de alimentos e armamentos



Fábrica de munición británica



Mulleres nunha refinuría de azucre escocesa



Fábrica de munición francesa 1917

As mulleres desempeñaron actividades produtivas reservadas aos homes ata a grande guerra



Conductoras de ambulancias, Francia 1917



Mulleres asfaltando



Conductora e revisora de tranvía en París 1917



Policías voluntarias en Londres

Ao remate da guerra, as mulleres perderon eses traballos e os gobernos pretenderon que voltasen aos fogares. Aumentou a militancia obreira e feminista das mulleres



Clara Zetkin



Rosa Luxemburgo



National American Women, 1919

O final da guerra produciuse polo esgotamento da poboación na retagarda dos imperios centrais: foi a “puñada polas costas” previa á revolución spartakista en Alemania que aplastaron os freikorps




Trofeos de guerra en París 1918



Bohemia, a estatua do kaiser derrubada, 1919

Os tratados de paz foron imposicións aos derrotados: o diktat de Versailles fíxoos responsables da guerra polo que debía pagar cuantiosas reparacións a Francia, Bélxica e Gran Bretaña



Debuxo alemán sobre o Tratado de Versailles



O tigre francés atrapa a aguia alemana; marzo 1919



WORLD WAR LOSSES

- | | |
|---|--|
|  By Germany |  By Austria-Hungary |
|  By Bulgaria |  By Russia |

